

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**O DÍA 04/12/2023**  
**(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

**PRESIDE**

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

**CONCELLEIROS/AS**

Lista de asistentes

LINO MOURIÑO SANTIAGO

SONIA OUTÓN CASAL

DIEGO GARCIA SANTIAGO

CARLOS COIRA LOJO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

Lista de non asistentes

ALBERTO VARELA PAZ

PAOLA MARIA MOCHALES

**SECRETARIA**

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

**INTERVENTOR**

NON ASISTE

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 04/12/2023 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos/as concelleiros/as indicados/as, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 27 de novembro de 2023, que se aprobou por unanimidade.

**RÉXIME INTERIOR**

**PRP2023/4097**

Dáse conta do escrito presentado por URBASER SAU, en relación á negociación ao Convenio Colectivo, que recolle diversas melloras de índole organizativa social e económica para a súa inclusión no novo convenio colectivo que se está negociando para os anos 2023, 2024 e 2025.

Unha das melloras a aplicar de inmediato é o disfrute dun sábado ao mes por parte dos traballadores, o que supón a contratación de persoal indefinido de cinco persoas para traballar domingos e festivos, así como unha gratificación consistente nun pago único.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar a súa conformidade ás citadas medidas, facendo constar que as melloras non poden contravir o establecido nos pregos que rexen a licitación, nin a oferta formulada por URBASER SAU.

**PRP2023/4416**

Visto o escrito presentado polo Club Deportivo Bamio, comunicando a celebración de desfile de Papá Noel o día 24 de decembro polas rúas de Bamio entre as 17 e as 19 horas, a Xunta de Goberno Local visto o informe da Policía Local acorda comunicar que de celebrarse o desfile polas rúas de titularidade municipal, únicamente haberá que cumprir o disposto na instrucción Directriz SGGMT01/20 "Regulación e ordenación do tráfico de cortejos, con carruaxes para eventos no deportivos de carácter tradicional".

No caso de circular tamén polas rúas de titularidade autonómica sexa PO-549 ou ben PO-192, deberán comunicalo para a súa autorización ao titular da vía, que depende da Xunta de Galicia.

**PRP2023/4417**

Dáse conta do escrito presentado por Dona María Patricia Rañó Lorenzo, solicitando autorización para instalar un posto de churros nas inmediacións do campo de fútbol A Lomba o día 5 de decembro de 2023.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle autorización solicitada, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade, cunha cobertura mínima de 300.000 euros.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.
- Deberá estar en posesión da documentación pertinente para exercer dita actividade.

Dar conta ao Servizo de Mercados e Departamento de Rendas.

#### **PRP2023/4432**

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Señalizaciones y Balizamientos de Galicia, S.A., para o pintado de pasos de péons en vías públicas do centro urbano, por un importe total de 17.932,20€ (IVE incluído), con cargo á partida 132-61900.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2023/4433**

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Señalizaciones y Balizamientos de Galicia, S.A., para o pintado de pasos de péons en camiños rurais, por un importe total de 17.973,34€ (IVE incluído), con cargo á partida 454-61900.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2023/4441**

Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Dipetrinta, S.L., para a reposición de material de son para o auditorio, caixas autoamplificadas 8 unidades, micros 4, unha mesa de son e un PC, por un importe total de 7.420,29€ (IVE incluído), con cargo á partida 334-213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2023/4438**

Vista a proposta da Concellería de Seguridade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por PERES SPORT SL, para o subministro de mochilas tácticas e linternas recargables para a Policía Local, por un importe total de 7.418,45€ (IVE incluído), con cargo á partida 132-22104.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2023/4447**

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por APA España SL para o subministro de material para o ploter (lonas, vinilos e papeis), por un importe total de 1.260,82€ (IVE incluído), con cargo á partida 926.22000.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2023/4460**

Vista a proposta da Secretaría Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por TELESERVICIO INSTALACIONES DE OFICINA SL para o subministro dunha cadeira modelo TRIM TEX, para o Auditorio Municipal, por un importe total de 429,55 € (IVE incluído), con cargo á partida 920-215.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2023/4466**

Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Idelnor, S.L., para a reposición de balizas do camiño O Castro Alobre, por un importe total de 2.441,90€ (IVE incluído), con cargo á partida 165-213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2023/4496**

Vista a Proposta do Técnico da área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento da empresa Gráficas Anduriña SCG, para a publicación dun libro didáctico sobre as Oleiras de Bamio, por un importe total de 1.497,60€ (IVE incluído), con cargo á partida 926-2260201.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2023/4497**

O vindeiro 31 de decembro conclue a Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (EDUSI) "Vilagarcía Avanza", executada nos últimos anos con unha aportación do 80% da axuda

europaea a través dos fondos FEDER.

Unha das obrigas que impón a Unión Europea, ás edusis e a difusión pública das actuacións, por outra banda o propio plan de comunicación de "Vilagarcía Avanza", contempla realizar publicidade a modo de resumo final da estratexia, algo que xa se realizou durante o mes de setembro, coincidindo coa celebración na cidade do Acto Nacional de Comunicación dos Fondos Europeos en España.

Por todo elo e por estar a punto de finalizar o ano e tamén a EDUSI, a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación dos seguintes orzamentos, con cargo á partida 926-2269917, para a difusión dos principais logros de Vilagarcía Avanza:

Medio/proveedor	CIF/NIF	ACCIÓN	PRECIO C/IVA
La Voz de Galicia, S.A	A15000649	Anuncio dunha páxina	1.216,05€
Faro de Vigo SAU	A36600815	Anuncio dunha páxina	1.552,43€
Editorial La Capital, S.L. (Diario de Arousa	B15162068	Anuncio dunha páxina	1.200,00€
Televisión da Mancomunidade do Salnés S.L. (Canal Rías Baixas	B36223600	Spot de 20'e emisión 9 veces ao día durante 8 horas	1.028,50€
			4.996,98€

### **PRP2023/4498**

O día 11 de xullo de 2023 cando D. Manuel Rial Barreiro, traballador do servizo circulaba pola vía PO-305 no punto quilométrico 004.1 cun vehículo municipal foi interceptado por unha patrulla da Garda civil de Tráfico, impoñéndolle unha sanción.

Coa data de 12 de novembro de 2023 ditouse providencia de prema pola Axencia Tributaria, por un importe de 220,00 €.

No día da data pola Encargada do Departamento Dona Maria Dolores Barreiro Sumay procedeuse ao aboamento do importe citado.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto polo importe indicado de 220,00 € con cargo á partida 929.22699, e o endoso a favor de Dona Maria Dolores Barreiro Sumay por ter realizado o pago. .

## **BENESTAR SOCIAL**

### **EMPREGO**

#### **PRP2023/4429**

O Concello de Vilagarcía de Arousa recibiu unha axuda do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo para a posta en marcha do proxecto "VILAGARCIA VIVA. PROXECTO DE MELLORA, REVITALIZACIÓN E RESILIENCIA DE MERCADOS TRADICIONAIS E ZONAS URBANAS COMERCIAIS", dentro da convocatoria de axudas para o apoio a Mercados, Zonas Urbanas Comerciais, comercio non sedentario e canles curtas de comercialización, financiado pola Unión Europea-Next Generation EU.

Propónse a adxudicación do contrato menor para subministro dunha carpa destinada á realización de accións de dinamización comercial.

O orzamento base de licitación ascende á cantidade máxima de 14.900,00 € sen IVE, ao que corresponde un IVE de 3.129,00 €, dando un orzamento total de 18.029,00 €.

Para levar a cabo o citado subministro solicitaronse orzamentos, ás empresas seguintes:

IRMARFER, S.A.

C.I.F.: PT-504060783

Presenta un orzamento por importe de 14.500,00€ mais IVE (17.835,00€ IVE incluído).

LAGO EMPEDRADO, S.L.

C.I.F.: B-70296975

Presenta un orzamento por importe de 16.000,00€ mais IVE (19.360,00€ IVE incluído).

LOGÍSTICA, GESTIÓN Y SERVICIOS PARA EVENTOS, S.L.

C.I.F.: B-94131398

Presenta un orzamento por importe de 15.500,00€ mais IVE (18.755,00€ IVE incluído).

Na solicitude de oferta remitida ás empresas trasladáronselles os criterios avaliáveis de forma automática, que se valorarán ata un máximo de 100 puntos.

Unha vez aplicados os criterios avaliáveis, o resultado é o seguinte:

EMPRESA	PREZO SEN IVE	PUNTUAC. PREZO	PUNTUACIÓN MELLORA	TOTAL
IRMARFER, SA	14.500,00 €	20	20	40
LAGO EMPEDRADO SL	16.000,00 €			
LOGÍSTICA, GESTIÓN Y SERVICIOS PARA EVENTOS, S.L.				

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto e a adxudicación do presente contrato para subministro dunha carpa destinada á realización de accións de dinamización comercial á empresa IRMARFER, S.A., C.I.F.: PT-504060783 e domiciliada en Rúa do Pólo 6, nº118, 4590-373, Freamunde - Paços de Ferreira (Portugal), por contía de 14.500,00€ máis IVE (17.835,00€ IVE incluído), con cargo á partida 4311.6270018.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2023/4430**

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor para subministro dunha "Bola de Nadal - FOTOCALL" para colocar na Rúa Arcebispo Lago durante o tempo de Nadal, á Empresa Troquiña SL, por un importe total de 5.203,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 4311.62500, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2023/4431**

O Concello de Vilagarcía de Arousa recibiu unha axuda do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo para a posta en marcha do proxecto "VILAGARCIA VIVA. PROXECTO DE MELLORA, REVITALIZACIÓN E RESILIENCIA DE MERCADOS TRADICIONAIS E ZONAS URBANAS COMERCIAIS", dentro da convocatoria de axudas para o apoio a Mercados, Zonas Urbanas Comerciais, comercio non sedentario e canles curtas de comercialización, financiado pola Unión Europea-Next Generation EU.

Propónse a adxudicación do contrato menor para adquisición de elementos naturais para ambientación de Rúas Comerciais e Praza de Abastos.

O orzamento base de licitación ascende á cantidade máxima de 14.900,00 € sen IVE, ao que corresponde un IVE de 3.129,00 €, dando un orzamento total de 18.029,00 €.

Para levar a cabo o citado subministro solicitaronse orzamentos, ás empresas seguintes:

VIVEIROS ADOA SL

C.I.F.: B36300564

Presenta un orzamento por importe de 14.499,00 € mais IVE (17.543,79 € IVE incluído).

JARDINERÍA Y PAISAJISMO TALUD VERDE SL.

C.I.F.: B94162815

Presenta un orzamento por importe de 14.700,00€ mais IVE (17.787,00 € IVE incluído).

VIVEIROS O PIÑEIRO SL

C.I.F.: B36213460

Presenta un orzamento por importe de 13.628,93 € mais IVE (15.195,00 € IVE incluído).

Na solicitude de oferta remitida ás empresas trasladáronselles os criterios avaliáveis de forma automática, que se valorarán ata un máximo de 100 puntos.

Unha vez aplicados os criterios avaliáveis, o resultado é o seguinte:

EMPRESA	PREZO SEN IVE	PUNTUAC. PREZO	PUNTUACIÓN MELLORA	TOTAL
VIVEIROS ADOA SL	14.499,00 €			
JARDINERÍA Y PAISAJISMO TALUD VERDE SL	14.700,00 €			
VIVEIROS O PIÑEIRO, S.L.	13.628,93	60	40	100

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto e a adxudicación do presente contrato para subministro de elementos naturais para ambientación de rúas comerciais e Praza de Abastos á empresa VIVEIROS O PIÑEIRO SL., C.I.F: B36213460 e domiciliada en Ctra.Vilagarcía Km 6, 36157 (Pontevedra), por contía de 13.628,93 € mais IVE (15.195,00€ IVE incluído), de conformidade coa oferta presentada, con cargo á partida 4311.2261018.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2023/4448**

Vista a proposta da Directora do Obradoiro Dual de Emprego "Forme 2023", a Xunta de Goberno Local acorda conceder autorización para a utilización dos fondos da subvención do Módulo B (42.240,00 €) para gastos de formación e funcionamento do Obradoiro durante os 12 meses do seu funcionamento, para adquisición de material docente e de prácticas e servizos necesarios para o desenvolvemento do proxecto, con cargo á partida 2412.22199.

#### **PRP2023/4450**

Vista a proposta da Directora do Obradoiro Dual de Emprego "Forme 2023", a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa CLECE SA para o servizo de limpeza das instalacións do Obradoiro de Emprego do 5 ao 21 de decembro de 2023, por un importe total de 285,56 € (IVE incluído), con cargo á partida 2412.22199.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2023/4451**

Vista a proposta da Directora do Obradoiro Dual de Emprego "Forme 2023", a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa ASELP ECONOMISTAS SL para a impartición da actividade complementaria "Prevención de Riscos Laborais" de 60 horas do sector da construción, ás especialidades de albanería e carpintería, por un importe total de 2.340,00 € (IVE exento), con cargo á partida 2412.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2023/4453**

Vista a proposta da Directora do Obradoiro Dual de Emprego "Forme 2023", a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa KAEME, Consultoría y Prevención SL para a impartición da actividade complementaria "Alfabetización informática. Internet", ás especialidades de albanelería e carpintería, por un importe total de 525,00 € (IVE exento), con cargo á partida 2412.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2023/4454**

Vista a proposta da Directora do Programa de Emprego "Labora Xove 2023", a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a modificación da facturación por aluguer da piscina municipal para o alumnado da especialidade "Socorrismo en instalacións acuáticas e Socorrismo en espazos acuáticos naturais", debido ás obras que se van a realizar na mesma, sendo o período a facturar pola Empresa SERVIICIO SL do 17 de outubro ao 30 de novembro, por un importe de 1.270,16 € (IVE incluído), con cargo á partida 2412.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2023/4455**

Vista a proposta da Directora do Programa de Emprego Labora Xove 2023, a Xunta de Goberno local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa AQUAFIT GESTIÓN SL para a contratación do alugueiro de dúas rúas da piscina municipal de Cambados para o desenvolvemento da formación do alumnado da especialidade "Socorrismo en instalacións acuáticas e Socorrismo en espazos acuáticos naturais", do 2 de xaneiro ao 22 de marzo de 2024, por un importe total de 804,01 € (IVE incluído), con cargo á partida 2412.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2023/4456**

Vista a proposta da Directora do Programa de Emprego Labora Xove 2023, a Xunta de Goberno local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa EMICAR CALDAS SL, para a contratación do alugueiro de transporte para o desprazamento do alumnado da especialidade "Socorrismo en instalacións acuáticas e Socorrismo en espazos acuáticos naturais" dende Vilagarcía de Arousa ata a Piscina Municipal de Cambados, do 2 de xaneiro ao 22 de marzo de 2024, durante 3 horas ao día e 4 días a semana, por un importe total de 1.461,60 € (IVE incluído), con cargo á partida 2412.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na

facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2023/4320**

O Concello de Vilagarcía de Arousa recibiu unha axuda do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo para a posta en marcha do proxecto "VILAGARCIA VIVA. PROXECTO DE MELLORA, REVITALIZACIÓN E RESILIENCIA DE MERCADOS TRADICIONAIS E ZONAS URBANAS COMERCIAIS", dentro da convocatoria de axudas para o apoio a Mercados, Zonas Urbanas Comerciais, comercio non sedentario e canles curtas de comercialización, financiado pola Unión Europea-Next Generation EU.

Propónse a adxudicación do contrato menor de servizos para "accións de dinamización comercial no Concello de Vilagarcía de Arousa durante o Nadal 2023"

O orzamento base de licitación ascende á cantidade máxima de 14.500,00 € sen IVE, ao que corresponde un IVE de 1.450,00 €, dando un orzamento total de 15.950,00 €.

Para levar a cabo o citado subministro solicitaronse orzamentos, ás empresas seguintes:

NELSON QUINTEIRO ROA

CIF 78734451T

Presenta un orzamento por importe de 13.566,00 € mais IVE (14.992,60 € IVE incluído).

GIOVANNI PEREIRA DOS SANTOS CARDOSO ALVES PEIXOTO.

C.I.F.: Y5964825L

Presenta un orzamento por importe de 14.000,00€ mais IVE (16.940,00 € IVE incluído).

LUCIA SIBILA PUJADAS REGUEIRO

C.I.F.: 78159677L

Presenta un orzamento por importe de 13.628,93 € mais IVE (15.195,00 € IVE incluído).

Na solicitude de oferta remitida ás empresas trasladáronselles os criterios avaliábeis de forma automática, que se valorarán ata un máximo de 100 puntos.

Unha vez aplicados os criterios avaliábeis, o resultado é o seguinte:

EMPRESA	PREZO IVE	SEN	MELLORA	PUNTUACIÓN PREZO	PUNTUACIÓN MELLORA	TOTAL
NELSON QUINTEIRO ROA	13.566,00 €		- Un grupo local - Concertos en vivo	20 puntos	60 puntos	80 puntos
GIOVANNI PEREIRA DOS SANTOS CARDOSO ALVES PEIXOTO	14.000,00 €		Non cumpre especificacións mínimas, ofrece só 4 días de actuación			
LUCIA SIBILA PUJADAS REGUEIRO	remite email renunciando á presentación de proposta					

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto e a adxudicación do presente contrato para "accións de dinamización comercial no Concello de Vilagarcía de Arousa durante o Nadal 2023" a NELSON QUINTEIRO ROA (78734451T), domiciliado en Rúa Beiramar 62, 36955 Campelo - Poio (Pontevedra), pola contía de 13.566,00 € (máis IVE) (14.992,60 € IVE incluído), de conformidade coa oferta presentada, con cargo á partida 4311.2261018.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS**

### **EDUCACIÓN**

**PRP2023/4399**

Vista a proposta da Concellería de Educación, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para levar a cabo un obradoiro de alimentación saudable con diversas receitas dirixido a nenas, nenos e familias, para desenvolver(de xeito gratuíto para os asistentes), na Praza de Galicia o venres 22 de decembro de 2023 de 16:00 a 20:00 horas, por un importe total de 302,50€ con cargo á partida 320-22610, coa seguinte desagregación:

- Adxudicación a Doña Lucia Agra Baúlo por importe de 151,25€
- Adxudicación a Dona Marta Costa Rey por importe de 151,25€.

**PRP2023/4436**

Visto a proposta da Directora do Conservatorio, para aprobar o gasto de compra de diverso material para o Conservatorio, A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto por importe total de 3.411,15 € con cargo ao orzamento do Conservatorio Profesional de Música para o ano 2023, e desagregado tal e como segue:

- 8 deshumidificadores e 7 convectoros a Sobrino G. S.A. con CIF A 36030138, segundo orzamento adxunto a este informe por un importe total, IVE engadido, de 1.801,57 €, con cargo á partida 3261-213
- 1 Tablet Samsung A8 con funda e canon, tres monitores de 23,8 pulgadas e un rato e alfombrilla a STIN, Servicios Técnicos Integrados del Noroeste S.L. con CIF B36296440, segundo orzamento adxunto a este informe por un importe total, IVE engadido, de 657,38 € con cargo á partida 3261-216
- 1 soporte de guitarra, 8 lámparas atris, 4 atris para orquestra e unha partitura de Verdi a Carlos Galbán Zaragoza, con NIF 35449729J de Duende Instrumentos Musicales, segundo orzamento adxunto a este informe por un importe total, IVE engadido, de 505,05 € con cargo á partida 3261-213
- Material de oficina a Papelería Arines C.B. con CIF 36307718, segundo orzamento adxunto e por un importe total, IVE engadido, de 447,15€ con cargo á partida 3261-22000

**PRP2023/4461**

Vista a proposta do Director da Escola Municipal de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para o subministro de material instrumental para reposición do actual e instrumental novo, para cubrir as necesidades das distintas especialidades da Escola de Música, coa seguinte desagregación:

- D. Carlos Galbán Zaragoza (Duende Instrumentos Musicales) subministro de Material instrumental de reposición para o curso 2023-2024: 6.789,03 € (IVE incluído), con cargo á partida 3262.62300.
- Hermex Ibérica SL, subministro de Material novo para a aula de Música e Movemento: 458,67 € (IVE incluído), con cargo á partida 3262.22000.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2023/4462**

Vista a proposta do Director da Escola Municipal de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a xustificación da subvención concedida pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, polo importe de 5.135,59 €, facendo constar:

- Que se cumpríu coa finalidade da subvención.

- Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados imputables á actuación subvencionada, referentes ao período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro de 2023.

Acórdase autorizar a remisión da documentación correspondente para a xustificación de dita subvención ante a Xunta de Galicia.

## **XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

### **XUVENTUDE**

#### **PRP2023/4318**

A Concellería de Xuventude organiza un PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DE NADAL NAS PARROQUIAS: CINEMA NADAL 2023 que consistirá nunha serie de proxeccións destinadas a público familiar co obxectivo de contribuír á difusión de diversas obras cinematográficas destinadas a todos os públicos á vez que se implementa a oferta cultural e de ocio de Vilagarcía durante as vacacións da época de Nadal.

O obxectivo principal desta iniciativa é o de achegar aos máis novos/as, de varias parroquias de Vilagarcía, as artes escénicas, ao mesmo tempo que se quere incidir no fortalecemento da relación cos seus familiares maiores e que sirva tamén de espazo de intercambio de experiencias e de convivencia interxeneracional compartindo o tempo de lecer a través dunha ampla e variada serie de iniciativas recreativas e culturais a desenvolver especialmente na época do nadal.

O Cinema de Nadal 2023 conta cun catálogo de distintas películas que se exhibirán nas seguintes parroquias/lugares e nas seguintes datas e horarios:

TRABANCA BADIÑA (Centro Cultural de Trabanca Badiña)

2 de decembro ás 18.30 h “Lilo mi amigo el cocodrilo”

BAMIO (Centro Cultural de Bamio)

9 de decembro ás 18.30 h “Los Elfkins”

VILAXOÁN (Centro Cultural de Vilaxoán)

10 de decembro ás 18.30 h “O Monstro Mariño”

CORNAZO (Centro Cultural de Cornazo)

17 de decembro ás 18.30 h “El regreso de Mary Poppins”

SOBRADELO (Centro Cultural de Sobradelo)

17 de decembro ás 18.30h “Klaus”

CARRIL (Centro Cultural o Gato Negro, Carril)

17 de decembro ás 18.30 h “Pinocho”

Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de servizos para o desenvolvemento da citada actividade, á Empresa Mr. Misto Por and Ser SL, con CIF B94173705, por un importe total de 4.815,80 € (IVE incluído), con cargo á partida 2314.22699, de conformidade co orzamento presentado.

#### **OBRIGAS DA EMPRESA ADXUDICATARIA**

A empresa adxudicataria, asumirá as obrigas especificadas na proposta presentada e principalmente:

1. Asumirán ao seu exclusivo cargo e terá concertado na data de inicio da actividade unha póliza de seguro de accidentes e responsabilidade civil, quedando o Concello exonerado de calquera responsabilidade por este concepto.
2. Controlar o acceso e o aforo, a través do persoal correspondente de control de acceso e de vixianza. (en virtude dos art. 14 e 15 da Lei 10/2017 de Espectáculos públicos e Actividades Recreativas de Galicia)

3. Facerse cargo dos gastos relativos aos dereitos de autor e SGAE.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2023/4420**

O Concello de Vilagarcía de Arousa, a través da Concellería de Xuventude quere organizar dous obradoiros interxeneracionais de cociña de postres, nas vacacións de nadal, e para elo quere organizar dous obradoiros de cociña de postres para acadar o obxectivo principal que é o de favorecer actividades interxeneracionais para facilitar espazos de encontro e intercambio de experiencias entre os nenos/as participantes nas actividades da man dos seus familiares maiores (avós/avoas etc.)

Esta actividade de cociña “Nadalchef” pretende mellorar a interacción e cooperación entre nenos/as e maiores a través do intercambio de experiencias e coñecemento mutuo favorecendo o entedemento entre diferentes grupos de idade.

A organización destes obradoiros de cociña xerarán beneficios tanto para os nenos/as como para os maiores participantes. Preténdese que os maiores aumenten a súa vitalidade, mobilidade e autoestima e a sensación de ser partícipes en actividades que faciliten e contribúan ao enriquecemento de experiencias e adquisición de habilidades e valores que lles transmitan os seus netos/as e por tanto sántanse actores imprescindibles para a sociedade.

Ao mesmo tempo, os nenos/as aprenderán a valorar aos seus maiores como fonte de coñecemento, sabiduría e experiencia e mellorarán as súas habilidades sociais. Ademais coa posta en marcha desta iniciativa, preténdese acadar un intercambio de experiencias e transmisión de tradicións locais e modos de vida e cultura popular que atesouran os maiores e que de seguro transmitirán aos máis cativos/as.

Trátase da realización de dous obradoiros de cociña de postres de nadal nos que se elaborará e degustará postres confeccionados con froitas e produtos lácteos ecolóxicos e de proximidade servidos en vasiños

A actividade está dirixida a 15 nenos de entre 6 e 11 anos que veñan acompañados polo seu avó ou avoa (1 por neno/a) co que fan un total de 30 participantes e que participarán conxuntamente no desenvolvemento da actividade.

Lugar de realización de Nadalchef: Praza da Independencia de Vilagarcía

Datas: Mércores 27 e sábado 30 de decembro

Horario mércores: 17. a 17.45h

Horario sábado: 11.45 a 12.30 h

Prazas dispoñibles: 30 por Obradoiro (15 nenos/as e 15 avós/avoas)

A inscrición realizarase o propio día, no Obradoiro, e por orde de chegada

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a realización da citada actividade e a adxudicación da mesma á Empresa Eirado da Leña SL con CIF.: B94024817 e enderezo en Pza. da Leña nº 3 CP.: 36002 Pontevedra, por un importe total de 750,20 € (ive 21% engadido) a cargo da partida orzamentaria 2314.22610.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2023/4468**

Vista a proposta da Concellería de Xuventude en relación co desenvolvemento do evento Vilagarcía

Cidade de Libro 2023, a Xunta de Goberno Local acorda convalidar o gasto e o recoñecemento de obriga das seguintes facturas emitidas por DECOPLAC AROSA S.L (CIF.: ES804956025), con cargo á partida 2314.22699:

- Nº A 2301380, con data 20-10-2023 por importe de 65,50 € (ive engadido) correspondente a adquisición de espuma super fina e kit de cubeta para a decoración de Vilagarcía, Cidade de Libro 2023.

- Nº A 2301396, con data 24-10-2023, por importe de 121,40 euros (ive engadido), para a adquisición de pintura destinada á realización de estrutura de madeira tipo pérgola destinada á zona expositiva do evento Vilagarcía Cidade de Libro 2023.

## **TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

### **MEDIO AMBIENTE**

#### **PRP2023/4388**

Vista a proposta do Servizo Municipal de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa BAYGAR SL para a reparación da minicargadora mustang 2044, matrícula E-1063-BDJ do servizo, por un importe total de 1.733,60 € (IVE incluído), con cargo á partida 1720.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2023/4464**

Dáse conta do informe presentado por Espina & Delfín en relación coas recomendacións recollidas no informe presentado no seu día, por Adantia (Augas de Galicia) como entidade que presta servizo de asesoramento técnico e supervisión da xestión das EDAR de Vilagarcía de Arousa, período maio-agosto 2023. O informe de Espina & Delfín indica que a puntuación da EDAR considerase aceptable, pero a puntuación global da instalación resulta ser deficiente. Sinala tamén o informe de Espina & Delfín que se realizaron os primeiros traballos para a execución da montaxe de tubería de impulsión no mes de setembro/outubro 2023 e que tamén se cambiaron as lámpadas UV fundidas.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir o escrito de Espina & Delfín a Augas de Galicia aos efectos oportunos.

### **TURISMO**

#### **PRP2023/4309**

A Concellería de Turismo está a traballar na promoción de Vilagarcía como lugar de celebración de eventos deportivos e culturais, feiras de exposición, etc. Eses eventos supoñen por se mesmos un importante impacto económico na cidade pero ademais teñen un gran valor para dar a coñecer Vilagarcía como destino turístico.

Vista a proposta da Concellería de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión directa dunha subvención, por importe de 5.000 €, a favor da Asociación Cultural de Bar, para a celebración da Festa de Viño CASTES 2023 que se celebra en Vilagarcía de Arousa, con cargo á partida 432.489.

## POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

### MULLER E PERSOAS MAIORES

#### PRP2023/4421

Visto o informe dos Servizos Sociais e a proposta da Área das Persoas Maiores, acórdase DENEGAR a tarxeta de bono-bus municipal de pensionistas para o ano 2023 á seguinte persoa solicitante, por non cumprir os requisitos establecidos na convocatoria:

- Dona María José Couselo Brea.

#### PRP2023/4428

Vista a proposta da Área das Persoas Maiores, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento estimativo para levar a cabo unha chocolatada con animación musical para as persoas maiores empadronadas no Concello de vilagarcía de Arousa o día 22 de decembro de 2023, en horario de 17:30 ata 21:00 horas na Praza da Peixería, ata un máximo de 300 persoas, por un importe total de 2.849,90 €. con cargo á partida 2313.22610, coa seguinte desagregación:

EMPRESA	NIF	CONCEPTO	IMPORTE
VICTOR MANUEL, SENÍN ALBA	76929826R	CHOCOLATADA ACOMPAÑADA DE ROSCA PARA 300 COMENSALES	2.154,90
LISANDER RUBENS, PAREDES LÓPEZ	35644853M	ANIMACIÓN MUSICAL DO DJ OSCAR CON DISCO MÓVIL E DO CANTANTE "RUBY PAREDES"	495,00
.		varios (obras, electricidade, materiais diversos, papelería, etc	200,00
		ORZAMENTO TOTAL	2.849,90

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## CULTURA

#### PRP2023/4311

O vindeiro día 5 de xaneiro, dende a Concellería de Cultura, organizase o desfile da Cabalgata de Reis 2020, a partir das 19:00 hs. que recorrerán distintas rúas de Vilagarcía.

Neste desfile participan distintas Asociacións Culturais, Anpas, Asociacións MM.RR., Asociacións veciñais, así como nenos/as que acompañan os Reis Magos nas súas carrozas e nas de agasallos. É un dos maiores actos de Nadal, o que ademais redunda na recepción no noso concello, xa que son moitas as persoas que acoden a Vilagarcía a disfrutar deste desfile o que deixa importantes beneficios no sector da hostalería e comercio en xeral.

Con motivo da organización do desfile da Cabalgata de Reis 2024, é preciso, realizar unha serie de traballos (preparación, arreglos e renovación do vestuario Reis Magos, Paxes, Escoltas....) e adquisición de material (caramelos) previo o evento dado que se fai entrega as distintas Asociacións participantes con días suficientes de antelación para o bo desenvolvemento do mesmo.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acordar a aprobación do gasto de traballos e subministro de material previos e necesarios para o desfile da Cabalgata 2024, por un total de 19.075,10€, con cargo á partida 338.22699, así como a adxudicación a cada unha das entidades seguintes:

NOME FISCAL	CIF	CONCEPTO	IMPORTE	IVE	TOTAL	IRPF
BEGOÑA FONTAN CAEIRO	35463322J	Preparación, arreglos e renovación de vestiario	9.310,00 €	1.955,10 €	11.265,10 €	1.396,60 €

DISTRIBUCIONES CARBALLO SL	E. B32007346	Subministro de: - Caramelo blando froitas (500 bolsas de 2kg. cada unha) - Caramelo duro pictolin cristal (500 bolsas de 1 kg. cada unha)	7.100,00	710,00 €	7.810,00 €	
----------------------------	--------------	---	----------	----------	------------	--

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### PRP2023/4422

En Xunta de Goberno Local, na sesión que tivo lugar o día 2 de maio de 2023, entre outros acorda aprobar o gasto ao abeiro do convenio económico-cultural, asinado entre o Concello e Asociación Mulleres Rurais A Piñousa de Cea, por un importe de 1.714,07€, con cargo a partida 334.22703

No citado acordo figuraba:

Concepto	Importe	Provedor
subministro material de limpeza	567,46 €	DISTRIBUCIONES FROIZ SA

A empresa DISTRIBUCIONES FROIZ S.L. con data de emisión 31-10-2023, con número de rexistro 2023/7706, presentan factura N° 151-1-10/79, por un importe total con IVE engadido de 616,94€.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda modificar o acordo de data 2 de maio de 2023, de aprobación do gasto ao abeiro do convenio económico-cultural citado, quedando do seguinte xeito.

Concepto	Importe	Provedor
subministro material de limpeza	616,94 €	DISTRIBUCIONES FROIZ SA

### PRP2023/4423

Con motivo do desfile da Cabalgata de Reis, o vindeiro día 5 de xaneiro de 2024, abrese o prazo para que todas/os nenas/os do noso municipio poidan participar no mesmo, acompañando os Reis Magos nas súas carrozas así como nas carrozas de agasallos repartindo caramelos ao público asistente nas distintas rúas.

Polo exposto a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o modelo de solicitude de participación nas distintas Carrozas que forman parte do Desfile de Cabalgata 2024, para a súa publicación tanto na sede electrónica do Concello como na web municipal.

### PRP2023/4424

Vista a solicitude de Asociación cultural comisión Festas Santa Marta, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra de Santa Eulalia en A Laxe, o vindeiro día 9 de decembro de 2023:

- Actuación da Asociación Cultural Lumarada de Cornazo por un importe de 350,00 €.

Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

### **PRP2023/4425**

Dáse conta de proposta da Concellería de Cultura, en relación coa factura emitida pola SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES, EGDPI. CON C.I.F.: G28028643 por importe de 205,14€, en relación coas seguintes actividades:

En X.G.L. de data 13-02-2023 se aproba o gasto correspondente as actividades a realizar durante o ENTROIDO 2023, nas que houbo distintas actuacións e que se indican na factura:

- 25-02-2023: actuación DJ WIL DISCOMOVIL en Carril
- 21-02-2023: actuación DUENDENETA en Praza da Peixería
- 25-02-2023: actuación OS TERRIBLES DE AROUSA en Vilaxoán
- 26-02-2023: actuación MALVEIRAS en Carril

Asemade se indica na factura actuación en Vilagarcía de CABARE ITINERANTE, o día 18-02-2023, esta actividade foi organizada pola CONCELLERIA DE XUVENTUDE

Na proposta de X.G.L. de 13-02-2023, de aprobación de gasto de ENTROIDO 2023 non se indica que o gasto correspondente o SGAE será con cargo O CONCELLO DE VILAGARCÍA.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a convalidación do gasto correspondente á taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) polas citadas actuacións, e o recoñecemento de obriga da factura Número 12030568037 de data de emisión 27-10-2023, entidade SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES, EGDPI. CON C.I.F.: G28028643 por importe de 205,14€, coa seguinte desagregación:

- Con cargo á partida 338.22609, por importe de 127,18 €
- Con cargo á partida 2314.22699, por importe de 77,96 €

### **PRP2023/4473**

Vista a solicitude de Dona M<sup>a</sup> Carmen Costa López, en representación da AA.MM.RR. Avelaíña, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra da Santa Lucía o vindeiro día 13 de decembro de 2023:

- Actuación da Asociación Cultural Polifónica de Vilaxoán por un importe de 585,00 €.

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

## **CONTRATACIÓN**

### **PRP2023/4409**

Dáse conta de que o Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 24 de novembro de 2023 adoptou, entre outros, o acordo de:

- 1.- Prorrogar o prazo para solicitar as subvencións por reinvestimento de baixas ou cambios de finalidade, ata o 31 de maio de 2024.
- 2.- Prorrogar o prazo de execución dos investimentos incluídos na Liña 1, Investimentos, do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2022, ata o 30 de setembro de 2024.

3.- Prorrogar o prazo de xustificación dos investimentos incluídos na Liña 1, Investimentos, do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2022, ata o 31 de outubro de 2024.

A relación de investimentos do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) afectados pola prórroga de prazos da anualidade 2022, son os seguintes:

- Reforma en instalacións e pavimentos e rehabilitación de elementos construtivos no Cemiterio de Rubiáns (Expte. CT 113/2018-e)
- Humanización Rúa Aquilino Iglesia Alvariño (Expte. CT 111/2021-e)
- Construción do novo Skatepark en Vilagarcía (Expte. CT 84/2022-e).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2023/4427**

Dáse conta do escrito presentdo por D. Alvaro Antonio Duran Guillen, en representación de Aralia Servicios Sociosanitarios SA, de alegacións en relación co acordo de Xunta de Goberno Local de data 27 de novembro de 2023 de continuidade forzosa da prestación do Servizo de Axuda a Domicilio ata que comece a execución dun novo contrato de prestación do citado servizo, no que indican se dan por notificados e aceptan o incremento do 16,8% dos prezos por hora fixados no contrato orixinal, considerando o mesmo como aboamento a conta da liquidación final dos custes e gastos en que Aralia Servicios Sociocomunitarios SA incorra para asegurar a continuidade na prestación do servizo, que terá que ser efectuada á efectiva finalización da prestación do servizo.

A Xunta de Goberno Local acorda aceptar o indicado pola citada empresa no escrito de alegacións.

#### **PRP2023/4392**

Dáse conta de Resolución da Axencia Galega de Desenvolvemento rural - AGADER de realización dun pagamento anticipado a este Concello por importe de 18.865,23 € para o expediente PM23-0072: Plan de mellora de Camiños Rurais 2023-2024 para o investimento de "Ensanche e Mellora da Rúa Xiabre".

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2023/4410**

Dáse conta de Resolución do Instituto Galego da Vivenda e Solo de estimación da solicitude de acceso ao Fondo de cooperación formulada polo representante do Concello de VILAGARCÍA DE AROUSA para a seguinte actuación e condicións de financiamento:

-Denominación da actuación: "REHABILITACIÓN E REFORMA DE EDIFICIO PARA USO SOCIAL" (CASA JAUREGUIZAR).

-Contía que se vai dispor con cargo ao Fondo de cooperación: 884.250,27€

-Prazo de reposición da cantidade: 8 anos.

-Importe correspondente a cada anualidade:

-Anualidade 2024-Importe: 110.531,28€

-Anualidade 2025-Importe: 110.531,28€

-Anualidade 2026-Importe: 110.531,28€

-Anualidade 2027-Importe: 110.531,28€

-Anualidade 2028-Importe: 110.531,28€

-Anualidade 2029-Importe: 110.531,28€

-Anualidade 2030-Importe: 110.531,28€

-Anualidade 2031-Importe: 110.531,31€.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e préstalle a súa aprobación ás condicións de financiamento.

#### **PRP2023/4419**

Vista a proposta da Concellería de Servizos e Medio Rural, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato de servizos de realización dos traballos de "Redacción de proxecto básico e de execución de -Mellora de acceso ao Piñeiriño por Rúa Wenceslao Fernández Flórez", ao enxeñeiro D. Miguel Angel Fariñas Martín (35463612G), por importe de 4.300,00 € (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE do 21% de 903,00 €, totalizando un prezo de adxudicación de 5.203,00 € (IVE engadido), con cargo á partida 150.640.

#### **PRP2023/4434**

O Concello de Vilagarcía de Arousa amosou o seu compromiso de participar, mediante a sinatura en data de 14 de outubro de 2020 do Acordo entre beneficiarios do proxecto IDAE singular núm. FEDER-EELL-2020-004626 "Iluminación exterior sostible IX: (renovación das instalacións do alumado exterior dos municipios de: Portas, Valga, Vilanova de Arousa e Vilagarcía de Arousa) no ámbito da Economía Baixa en Carbono ao amparo da convocatoria que o Ministerio para a Transición Ecolóxica Enerxía, Turismo e Axenda Dixital (actualmente denominado Ministerio para a Transición Ecolóxica) impulsa, a través do IDAE, e que ten como finalidade a renovación das instalacións da iluminación exterior sostible de Vilagarcía de Arousa e impulsado pola Deputación Provincial de Pontevedra.

Polo citado organismo provincial, en data 21/10/2020 preséntase ante o IDAE o proxecto denominado FEDER-EELL-2020-004626 "Iluminación Exterior Sostible IX: Renovación das instalacións do alumado exterior dos municipios de Portas, Valga, Vilanova de Arousa e Vilagarcía de Arousa", asignándosele o rexistro núm. 202000012762. Tras a súa avaliación, en data 14/04/2021 (rexistro de entrada número: 2021009009) recíbese Resolución do Director Xeral do IDAE na que se estima favorablemente a solicitude, e se concede a subvención con cargo a FEDER por importe de 743.590,48 euros, asignándosele o número de proxecto FEDER-EELL-2020-004626.

En data 13/07/2021 o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Deputación Provincial de Pontevedra asinaron o convenio de colaboración para levar a cabo dentro do seu termo municipal as actuacións recollidas no proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004626 "Iluminación exterior sostible IX: renovación das instalacións do alumado exterior dos municipios de Portas, Valga, Vilanova de Arousa e Vilagarcía de Arousa"

En data 31/08/2023 a Deputación Provincial de Pontevedra procedeu á recepción do Lote 5. Iluminación exterior sostible IX - Portas, Valga, Vilanova de Arousa e Vilagarcía de Arousa.

